


# AECT Rio Minho participa no evento The European Week of Regions and Cities

O pasado 14 de outubro rematou o maior evento anual dedicado ás políticas de cohesión: *The European Week of Regions and Cities* (#EURegionsWeek). Debido á pandemia COVID-19, e tal e como sucedeu no 2020, o evento foi online, a través dunha plataforma de comunicación que reuniu a máis de 10.000 participantes de rexións e cidades de toda Europa, incluíndo políticos, técnicos, especialistas e académicos.

Por invitación da [ARFE](#) e da [DG REGIO](#), o AECT Rio Minho participou no workshop [EU Border Regions: Living labs of European Integration](#), compartindo un vídeo de testemuños sobre a participación do AECT Rio Minho iniciativa *b-solutions* co caso [MOBITRANS – Boosting Minho River Cross-Border Mobility](#). Co apoio da iniciativa *b-solutions* o AECT Rio Minho conseguiu atopar unha solución á escasez de servizos de transporte público transfronteirizo por estrada e construír, en colaboración coas autoridades de transporte da Galiza e do Alto Minho, [Xunta de Galicia](#) e [CIM Alto Minho](#), respectivamente, unha guía para implementar un programa piloto de transporte público no contexto do río Miño transfronteirizo.

No vídeo presentado no obradoiro [EU Border Regions: Living labs of European Integration](#), no que participaron representantes do AECT Rio Minho, da CIM Alto Minho, da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia e a experta convidada polo *b-solutions*, reflectiuse un exemplo dos obstáculos que as rexións transfronteirizas atopan no seu día

a día e como o compartir máis servizos permitiría crear unha rexión máis forte e con maior resiliencia.



As rexións fronteirizas están no centro da Unión Europea. Como son territorios onde cruzar a fronteira forma parte da vida diaria, estas rexións son verdadeiros laboratorios de integración europea e as solucións atopadas por estas rexións para obstáculos legais e de cooperación pódense reproducir noutras rexións da Unión Europea.